


Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Polygonum capitatum Bunch. -Ham. ex D. Don

Planta poligonácea procedente do Himalaia e do leste de Ásia, citada por vez primeira en Galicia no ano 1987. Amplamente empregada nos xardíns, naturalizouse nas áreas soleadas, secas e pobres en nutrientes, como as bases dos muros, as beiras de camiños e os empedrados. Na actualidade está en expansión en Galicia, onde despraza á vexetación autóctona pola súa gran capacidade de ocupación do espazo, formando alfombras densas e extensas. Propágase con maior eficacia vexetativamente, xa que a viabilidade das sementes depende da humidade estacional.

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org

http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html

